

**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **22 de xullo de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

**13.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43577/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19.07.16, dáse conta do informe-proposta asinado pola técnica de Admón. Xeral (secretaria da Mesa de Contratación) con data 8.07.16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación celebrada o 29 de xuño de 2016 acordou:*

*9.- Propostas de adxudicación*

*a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).*

*LEXISLACIÓN APLICABLE*

*Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

*Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*

*Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*

*Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).*

*ANTECEDENTES*

*Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:*

*“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212)” no seguinte orde decrecente:*

*1º.- BANCO SANTANDER S.A.: 59,50 PUNTOS*

*2º.- BBVA AUTORENTING: 36,86 PUNTOS*

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BANCO SANTANDER S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1466,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar BANCO SANTANDER S.A. o día 10 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida en data 22 de xuño de 2016 dentro prazo. A Mesa de Contratación celebrada o 29-06-2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BANCO SANTANDER S.A.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a BANCO SANTANDER S.A. o procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212), coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do contrato é de 989.416,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 167.629,92 euros.*

*O prezo mensual de cada unha das clases de vehículos e o seu detalle, con indicación da parte do prezo que corresponde ao uso, mantemento e seguro é o seguinte:*

<i>Clase vehículo</i>	<i>Nº vehículos</i>	<i>Prezo total mensual unidade</i>	<i>Prezo correspondent e ao uso do</i>	<i>Prezo correspondente ao mantemento</i>	<i>Prezo correspondente ao seguro (IVE)</i>
-----------------------	---------------------	------------------------------------	--	---	---

		(IVE engadido)	vehículo (IVE engadido)	do vehículo (IVE engadido)	engadido)
Clase 1	8	1.053,66 €	620,44 €	405,70 €	27,52 €
Clase 2	4	1.190,95 €	737,19 €	426,23 €	27,52 €
Clase 3	1	1.822,07 €	1.263,25 €	523,69 €	35,13 €
Clase 4	2	1.397,02 €	880,42 €	481,47 €	35,13 €
Clase 5	2	1.401,83 €	851,04 €	523,26 €	27,52 €

*\* Imposto IVE sobre aluguer e mantemento; imposto de seguro exentos con base na Lei 37/1992 de art. 4 do 28 de decembro sobre o Imposto sobre Valor Agregado*

- *Comprométese a substituír os neumáticos aos 25.000 kms de uso.*
- *Comprométese a contratar un seguro a todo risco coas seguintes coberturas:*
  - *Indemnización de 50.000 euros por falecemento do condutor con independencia de que sexa ou non o responsable da produción do sinistro.*
  - *Indemnización de 50.000 euros por invalidez permanente do condutor con independencia de que sexa ou non o responsable da produción do sinistro.*
- *Aplicará un coeficiente de 0,0400 euros/m+IVE, consonte ao previsto no apartado 18E das FEC do PCAP no caso de exceso de quilometraxe .*
- *Aplicará, consonte ao previsto no apartado 18E das FEC do PCAP, un coeficiente de 0,0300 euros/km+IVE, no caso de que se realicen menos dos quilómetros anuais de media previstos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e sete de xullo do ano dous mil dezaseis.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.